

3/13-7 Stg-46-47.16


As festas de San Pío V en Santiago no ano 1713

POR XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE
(Conselleiro do Seminario)

Publicado en:
Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos - III - 1931
Seizón de Historia



NÓS, Publicazóns Galegas e Imprenta - Linares Rivas, 50 - A CRUÑA




As festas de San Pío V en Santiago no ano 1713

POR XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE
(Conselleiro do Seminario)

Publicado en:
Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos - III - 1991
Seizón de Historia



NÓS, Pubricazóns Galegas e Imprenta - Linares Rivas, 50 - A CRUÑA



AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO NO ANO 1713,
POR XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE, CONSELLEIRO
DO SEMINARIO.

A FESTA BARROCA



As aparencias de este traballo esixen unha anotación previa que xustifique a súa incursión nos Arquivos. Recóllense n'él, con xeito sospeitoso de erudición local, algunhas notas para a reconstrución de unhas festas composteláns do XVIII, pero non con ánimo de evocación pintoresca senón para encher unha cédula na hestoria do barroco das nosas arquitecturas e das nosas letras, afondando no mesmo estilo da vida barroca, «entusiasmo e movemento a toda costa», coidando que a arte non pode endexamáis ollarse derramada dos seus fins inmediatos, nin alonxada das moitedumes que animaron, e máis no barroco, o seu xogo.

Camiñando brevemente pol-os eidos do ensaio, siquer sexa en contraste c'o testo do traballo, como falamos de un *románico da peregrinación* temos que escomenzar á referirnos á un *barroco de festa*, e o mesmo que consideramos á Porta das Platerías, en relación c'os camiños de Europa na función de acoller ós romeiros, ollaremos ó Obradoiro, ligado c'as festas, arco de trunfo que agarda á un cortexo. Os homes barrocos que fixeron a Compostela actual destruíron canto falaba da chegada dos peregríños (as ousías románicas, a fonte do Mestre Bernardo, o Paraíso, as casas de voladizos, as portas da vila, os cruceiros da Quintana) ou as referencias ás antigas loitas (almeas da Catedral, murallas, castelo ...) para ordear tod'a vila adoito pr'as festas. Así, nas ousías e nas almeas xurdiron balcóns para ollalas e facheiros para dispôr as lumieiras, a Quintana de cementerio pasa á eira para ruare, diante o grande arco trunfal do Obradoiro esténdese unha praza de xeito que non poida abranguerse o un sin a outra, todol-os arredores da Catedral, canto en Compostela leva unha traza barroca, ten esta adecuación o fin: as Platerías dispóñense para lucida saída das

procesións, as ruas pra ordealas, o máis lucido tránsito faise na Azabachería, onde todo é palco de ollar en conxunto, e a recollida resérvase ô xigantesco Obradoiro.

A carón da arquitectura de lenzos e madeiras que enche de desfeitas todol-os desváns de Santiago está a arquitectura da pedra que fai perenne e duradeiro o adorno efímero, de xeito que o noso mesmo ollar, repousado no goce do románico, sinte aínda presa e cobiza do tempo n'este arte de festa, que á forza do material nos impón a súa eternidade. E tanto é este un arte de festas, que os Mestres da Catedral levan anexo ô seu cargo de arquitectos a obriga de dispôr a traza dos fogos e outros espectáculos.

O dito pr'a pedra e a madeira esténdase ás verbas, efímeras nas oracións gratulatorias e nos epigramas, á perpetuarse nas Hestorias dos Cronistas do Reino e nos Alegatos dos apoloxistas da Catedral.

O barroco en total-as partes quixo esta resonancia (o movemento que non morre n'unha atmósfera inmóvil, de que falou Wölfflin). O Alenda (1) é un libro inesquecible pr'o estudoso do barroco castelán, algunhas tradicións de Ricardo Palma son rexo guieiro nos esteios do arte colonial. Pero en Compostela inzou como en ningures a frebe da festa, o maxín dos mestres arquitectos e dos coengos iniciadores, como Ulloa e Vega, agotou os xeitos e os motivos. Nas eirexas: o culto tridentino, a oratoria, as danzas e as loas; nas ruas: os cortexos de trunfo con carros e altares de ideia; nas prazas: os touros, as canas, as sortixas, as cintas, o típico *cedal* composteláns, as grandes iluminacións e sobre todo os fogos artificiales, ca colaboración de Andrade ou de Bouzas, con argumento («O trunfo de Paulo Emilio» en 1752), porque a pirotécnica é a máis nobre arte de este tempo. E logo no pazo e no mosteiro e ata na mesma Catedral, os frescos e os banquetes, onde rexía a estética do berciano Juan de Mata, festas espirituales certamente, con louza ingresa e froles traídas de Francia pra aquel mesmo día. O estilo da festa cambia cos tempos. Do Castrum Doloris renascente de Carlos V, que inicia a serie das arquitecturas provisórias e que dá coarenta días de traballo a uns cincuenta obreiros, cos seus corpos de lóxica distribución, como

(1) *Alenda y Mira*, Jenaro.—«Relaciones de solemnidades y fiestas públicas de España». T. I, Madrid, Rivadeneira.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

feitos pol-os mazoneiros de Trasmiera, o tombo de Doña María Luísa de Borbón, trazado por Andrade, que sería unha axitada torre; da pirotecnia barroca de Casas e Novoa, ás óperas de Buono Chiodi, cando o neocrasicismo comenza a obra dos Lemaurs, traza ordeanzas urbanísticas e, craro está, prohibe os fogos de artificio (1772) e ordeas as representacións teatrales (1).

Son motivos de festa as solenidades litúrxicas anuais, sobre todo as festas do Apóstolo, que tiñan unha cofradía especial fundada xa no 1564 soio pra a organización dos xogos de canas e cintas, e as dos Anos Santos; pero a festa barroca é característicamente, como en todas partes, a festa de circunstancias variada e imprevista: a entrada ou a morte de un Arcebispo, a de un Rei, unha canonización, o remate de unha obra...


A serie compostelán de estas festas comenza no protobarroco en 1610 ca beatificación de San Ignacio; logo temos a do trunfo do pleito do compatronazgo en 1630, descrita por Gayoso e Figueroa; a da inauguración do mosteiro novo de San Martín (1648); a consagración da eirexa da Compañía e a canonización de San Francisco de Borxa, que dou a pauta do novenario de festas, con «procesión xeneral» o primeiro día (1673); a da primeira pedra do convento da Merced (1673); o desgravo por un famosísimo sacrilexio, descrito por certo en magníficas coplas de cego, e, onde se usou a procesión dos caladiños (1673); o trunfo de Nápoles dende 1648; as famosísimas festas minervales de 1677; a recobración de Messina no 1678; o levantamento do cerco de Viena en 1683, seguindo unha serie marcial que tanto infruiu no troque das decoracións que señalan o cambio entre Andrade e Casas na capela do Pilar; outra revocación de compadronazgo, en que perdeu San Xosé, casi celebrada con festas idénticas ás de San Pío V; as exequias de Doña María Luísa de Borbón, publicadas en 1689 por Mateo Cisneros; as da vinda de Doña Mariana de Neoburg, 1690, alabadas por Flórez nas «Reynas Cathólicas»; a proclamación de Felipe V en 1700, e despois de uns anos de fame e guerra, estas que relatamos hoxe da canonización de San Pío V.

Escollémoslas, non soio por seren moi compretas, senón pol-o abondoso da súa documentación, que dá pretesto a notas

(1) Sobre estos festexos, e o que sigue vid.: *López Ferreiro*.—HIS, especialmente T. VIII, cap. V, e X, cap. VII; *Pérez Costantí*, art. en «El Eco de Santiago», 4, Oct. 1900, e «Notas viejas galicianas» diversos lugares; *Galicia Diplomática*, espec. T. I.

pra a biografía de moitos composteláns famosos do XVIII. Pra compretar a idea da festa compostelán faremos algún día un traballo paralelo sobre as «Minervales» de tan fondo ronsel nas letras galegas, abranguendo así os dous aspectos da festa relixiosa e da festa civil.

Acotío no culto da Catedral podemos ollar no seu verdadeiro senso os ouros do tabernáculo de Vega e Verdugo; en cada un ano unha ves topamos o Obradoiro írtido de pirotecnias e sonoro de moitedumes, na noite de Santiago e sorprendemos en todo o seu valor a fachada de Casas e Novoa; moitas vegadas, o paso de unha procesión pol-as Ruas enche de vida as casas de Sarela; pero no conxunto do barroco compostelán hai sempre unha beleza que se non percibe na súa integridá, a falla de unha vitalidade, pra os membros das arquitecturas. A lectura de unha descripción de festas sitúanos d'abondo na función d'estas obras. Ó enxergar eu esta, percurei que o relato non chegase á amena evocación, pra que quedase sempre aquel escurecemento das aparencias que xogou tanto na estética do barroco.



«FIESTAS COMPOSTELLANAS» DE 1713 (1)



oi funcionista n'estas festas celebradas na cano-
nización de San Pío V, Monroy, o prototipo do
Arcebispo barroco, como Gelmírez o fora do ro-
mánico e Raxoy o sería do neocrásico. O seu
«platal» americano fundou grandes obras, e sou-
po animalas con solenidades hiperbólicas. Estas
coñécense moi ben pol-o preciso das referencias
documentales que recollemos en todol-os arquivos de Compostela
e máis aínda por un libro, raro, anónimo, que reseñamos:

«Fiestas /Compostellanas, /con que la siempre grande, muy noble, /y leal civdad de/
Compostella /celebró en este religiosísimo convento /de Nuestra Señora de Bonaval, la Ca-
nonización /del Maximo Pontífice /San Pío Qvinto, /Cuchillo de los Herejes, Terror de los Sa-
rracenos, /Esclarecido Hijo del Gloriosísimo P. i. Patriarcha /Santo Domingo de Guzman.
Fundador del /Sagrado Orden de Predicadores. /Dedicalas esta comunidad al illvs/tríssimo y
Reverendísimo Señor, el Señor /D. Fr. Antonio de Monroy /Arzobispo de Santiago, &. /Maes-
tro General que fué /de dicha Religión.»

En Santiago: Por Antonio Pedache.

1 7 1 5

2 Follas + Sig. q¹-qqq² + 340 + 1 cadro. - 20 cms. 8.º m.^{lla}

Perg.

Contén:

—q.—[Dedicatoria a D. Fr. Antonio de Monroy. Firmada por Fr. Mathias de San Román,
Prior de Bonaval.]

—[Aprobacións e licencias.]

—Razón de la edición [anónima]

—Páx. 1.—Breve Compendio /de la Prodigiosa vida de /el Gloriosísimo Padre San /Pío V,
Pontífice Maximo, de /la Esclarecida Orden de /Predicadores.

Páx. 28.—Descriuense /los heroicos trivnfos, /solemnnes fiestas, /con qve, por espacio de nveue
/plavsibles días, celebró la siempre /grande, noble, leal, ilvstre /civdad de /Santiago/
en este religiosísimo convento, /las canonizadas glorias del /gloriosísimo siempre
maximo /Pontífice San /Pío Qvinto /esclarecido hijo de la /Sagrada Orden de /Predi-
cadores. [Con portada especial]

* 30.—Procesión /y altares.

* 57.—Día Primero

* 61.—Oración Declamatoria /que la dijo el Licenciado D. Diego Ja/cinto Romero de Mos-
coso, y /Caamaño...

* 90.—Día segundo

* 94.—Oración Panegirica, /que la dijo el Dotor Don Juan Fran-/cisco Vallo de Porras...

(1) *Murguia*.—«El Arte en Santiago...» Madrid, Fé, 1884, páx. 41, nota, dá con error
a data da celebración das festas adiandoas no 1714.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Páx. 116.—Día Tercero

- « 121.—Oración declamatoria, /que la dijo el R. P. M. Fr. Ysidoro de /Arroyo...
 - « 140.—Día Quarto
 - « 143.—Oración panegírica, /que la dijo el M. R. P. Fr. Jacobo de /Castro...
 - « 161.—Día Quinto
 - « 163.—Oración Panegírica, /que la dijo el M. R. P. Fr. Gregorio Alvarez,
 - « 185.—Día Sexto
 - « 187.—Oración Panegírica /El Remo. P. M. Manvel de Prado/
 - « 214.—Día Séptimo
 - « 216.—Oración Evangélica, /que la dixo el R. P... /Fr. Thomas Monzón...
 - « 243.—Día Octavo
 - « 247.—Panegiris Sagrado /que le dijo el Licenciado D. Joseph Ber-/mudez Mandiáa...
 - « 277.—Día nono
 - « 282.—Oración Evangélica Gratvlato-/ria que la dixo el R. P. ...Fr. Thomas Monzón...
 - « 326.—Poesías /que la sagrada Religión de la Compañía consagró al Santo Pontífice./
- [Folla solta (cadro),—contén un «Labyrintho» co seu «Epigrama», tamén da Compañía de Xesús]

Os grabados en buxo que decoran varias páxinas, como remates ou iniciais reproducense como ilustracións n'este traballo.

— — —

Nin no libro, nin no consistorio celebrado pol-o concello compostelán o día 22 de febreiro do ano da impresión, —onde se agradeceu o seu envío ô Prior de Bonaval,— atópase indicación ningunha sobre o cronista das festas e compilador de sermóns e poesías que o compuxera (1). En troques sabémolo por unha carta que o 10 de Setembre de 1718 dirixeu o P. Maestro Fray Xuan Pacheco e Troncoso, dominico, ô concello da Cruña, pr'o Reiño de Galicia, agradecendo o nomeamento de Cronista Xeneral e poñenda as condicións do cargo (2). O seu autor decrárase tamén do libro, ô deciren, con referencia a unha cita: «que es lo que en el año de 1715 dicté en el libro intitulado «Fiestas Compostellanas» que saqué a luz y me encomendó la religiosísima comunidad del Gran Patriarca Santo Domingo, de Santiago» (3).

Anque Vedia e Gossens (4) coñeceu esta carta, pois a ela se referiu ô sinalar o número de volumes que tería a hestoria de Galicia que ía facer, según ela, Pacheco e Troncoso, se non decatou

(1) *Archivo Municipal de Santiago*.—Tomo de Consistorios de 1715. - Fol. 45.

(2) Vid. Apéndice I.

(3) A cita á que se refire, certamente pintoresca, tópase no fol. qqq do lib.

(4) *Vedia y Gossens*, D. Enrique.—«Historia y Descripción de la ciudad de La Coruña». - Coruña, Imprenta y librería de D. Domingo Puga, 1845, VIII - 323 - 2 hoja. páx. 248.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

de que revelaba a paternidade das «Fiestas», e non as incribía na indicación das obras do cronista. Murguía tivo mentes de anotala xa que no «Diccionario de escritores gallegos» (1) ô catalogar entre os anónimos o libro, fai referencia ô apelido Pacheco, que non chegou a imprimir. Descoñecemos pol-o tanto a biografía de Pacheco e Troncoso que tiña traballada Murguía, pero intentaremos suplila c'os datos recollidos por Riobóo (2), a breve referencia de Villaamil (3) no seu catálogo de libros galegos, e outras notas acadadas pol-o noso compañeiro o P. Pardo, que tanto ten traballado na historia da orde dos pregadores en Galicia, e por nós mesmos.

Fray Xuan Pacheco e Troncoso nado, según Vedía, na Cruña, tomou o hábito dominicán no convento de aquela cibdad dedicándose logo ô ensino, á predicación e á hestoria. Foi profesor de Filosofía no Colexio de Santiago e máis tarde de Teoloxía Moral no mesmo e cicáis en outros, graduándose de Mestre. En 1715 estaría aínda en Santiago cando escribiu as «Fiestas Compostellanas» que amosan en moitos pasaxes o seu afeizoamento pol-as ciencias históricas, e as malas fontes que pra o seu estudo usaba. No 1718 o Reiño de Galicia encomendou á algúns deputados a procura de un Cronista pra o Reiño, e foi proposto él, aceptándoo e fixando as condicións na carta citada.

Comprometése d'aquela, á dar a Historia de Galicia rematada en cinco anos, comprendendo, dende a fundación do Reiño ás batallas de Almansa e Brihuega, e entregando ôs dous anos o primeiro dos tres tomos. O Reiño pol-a súa parte pagaría cada un ano 400 ducados de vellón, dándolle o título de Cronista e percurándolle licencia do superior pra iren á donde os estudos o esixisen. Rematada a obra, seguiría levando o título e cobrando 500 reales anuais c'a obriga de anotala e poñerlle adicións.

Debía ter xa fama d'abondo cando as cibdades acolleron ben a proposta e aceptaron as condicións. Santiago que, ô que sabemos, foi a única que puxo reparos ô nomeamento, non discutíu

(1) *Murguía*, Manuel.—Diccionario de escritores gallegos. - Vigo, J. Compañel, editor, MDCCCLXIII. - páx. 78.

(2) *Riobóo*.—«Catálogo de Prelados» (?). - MS. Real Acad. Historia. - Citado por *Villaamil e Castro*.

(3) *Villaamil e Castro*, José.—«Catálogo sistemático y crítico de algunos libros, folletos y papeles, así impresos como manuscritos que tratan en particular de Galicia». - páxina 77, núm. 167.

os seus méritos, nin o soldo, limitándose a pedir se xestionase que poidese repartir o importe na provincia, por «no tener esta ciudad propios ni otros efectos de que poder pagar» (1).

Non teño noticia sobre o paradeiro actual da obra de Pacheco. Riobóo dí que «dejó trabajado un grueso tomo de la Historia de este Reino, pero tan adicionado y con tales interpolaciones de mala letra, que apenas se percibe lo que quiso decir. Guárdase original en su convento de esta ciudad [A Cruña] y aunque su estilo es bien elegante en él y en el de dicha Declamación, se reconoce que careció su autor de crítica, porque sigue sin elección los falsos cronicones y fábulas de Beroso...»

Escribeu esta historia probablemente, sendo Lector de Teoloxía Moral no convento da Cruña, onde en 1722 dixo o sermón do Voto, pubricado en Santiago, na mesma data, baixo o rubro: «Declamación sacra-historia gratulatoria a la Virgen Santísima del Rosario por el triunfo que a sus influjos soberanos logró el pueblo herculeo en el cerco que pusieron Henrique Norés y Francisco Draq, ánglicos...» (2)

Este sermón sería a súa derradeira obra, pois debeu morrer á pouco, sin que teñamos noticias do lugar e da fecha.

Deica hoxe apenas ten soado o nome de Pacheco e Troncoso. Na lista dos cronistas xeneraes do Reiño, aberta en 1654 por Fray Felipe da Gándara, ten un posto escuro, que non melloraría certamente o coñecimento da súa obra. Como Ponte e Andrade, que inmediatamente o precedeu no cargo e que non chegou nin a usar o título, veu á afogalo o nome do seu sucesor, Huerta e Vega, figura mais diña de estudo que abreu o camiño de Riobóo, de Cornide e de Sarmiento, e que con unha tradición historiográfica mais limpa houbera tido azos pra emparellarse con Zurita (3).

Non podemos deternos na sinificanza de Pacheco n'esta serie dos nosos cronistas barrocos. De feito merecería un capítulo no traballo que escomenzara algún día Pérez Costanti, e no que traballou con tanto éxito Espiño Arceo, sin pubricar o material

(1) *Arquivo Municipal de Santiago*.—Tomo de Consistorios de 1718. - Folio 442 v.º Día 19 de Setembro.

(2) Cit. por *Vedia*.—Na Bibl. Universitaria de Santiago existe un ex. ca sig. D, 48. - 13.885.

(3) Vd. *Pérez Costanti*.—«Notas viejas galicianas. - T. I, páx. 1, «El primer cronista oficial de Galicia» e páx. 7 «Un cronista oscurecido».

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

acadado (1). Eiquí foi mester esta referencia por que agora que sabemos á Pacheco cronista das festas de San Pío V, sospeitámolo orgaizador de elas e podemos acaroalo ós grandes espritos do noso barroco: Vega e Verdugo e D. Diego de Ulloa, como él eloquentes e apaixonados, que viven lonxe da lembranza oficial, pero que foron os verdadeiros animadores da vida artística de Compostela n estes tempos.

Orgaización das festas.—Cando en 1711 foi canonizado Pío V (2) polo Papa Clemente XI, celebrouse a nova en Santiago con solenes cultos ós que asistiu o Arcebispo, pero non satisfeito con esto, o Convento de Bonaval decidiu facer unhas festas soadanas que xogase todo o prestixio da vila. Nos preparativos invirteuse moito tempo e, despois de algunhas forzadas dilacións (3), a comenzos de Agosto de 1713 adiouuse a celebración nos fins de Setembro e comenzos do Outono do mesmo ano. Pra elo Fr. Matías de San Román, que d'aquela era Prior de Bonaval dirixéuse ó Prelado, Cabildo, Concello, Universidá, Mosteiros e Comunidades, pra que escollesen un día, ó seu cargo, nos nove que durarían as festas (4).

No apéndice II damos algunhas notas documentaes da acoillida de esta petición nos distintos centros composteláns. O Cabildo acordou que saíse da Catedral a procesión que iniciase as festas e que o festexo do primeiro día correse pol-a sua conta, facéndose fogos na Quintana e predicando o Maxistral, limitándose á poñer algunhas condicións de protocolo. O Concello dou aviso ós gremios pra que concorrirán con danzas, pendóns e cera, e ós cabaleiros pra orgaizar outros festexos, ordeando se encendesén lumieiras e se fixese festa a noite do día a sinalar. A Universidade acordou concurrir o seu día cos graduandos en traxe claustral, e facer o demais que os demais centros acordaran. E así os outros.

As festas.—Comenzaron o 23 de Setembro de 1713. A Santiago acodiron cregos e frades de toda Galicia, que moitas veces ano-

(1) *Espino Arceo*.—Biografía de Huerta y Vega. - Discurso inaugural do curso 1922-23 na Universidade Pontificia Compostelana. Inédito.

(2) *«Fiestas Compostellanas»*, pág. 24 (Vida de S. Pío V).

(3) Entre elas a peste, as grandes fames de Galicia n'aqueles anos, e, sobre todo, a guerra de sucesión hespañola: as festas celebráronse pouco despois da paz de Utrecht.

(4) Loc. cit. no Apéndice III.

taron a súa presenza nas festas nos exemplares do libro de Pacheco (1), e cabaleiros que tomaron parte nos xogos e desfiles. A víspera de dar comezo o novenario, soando as doce na Catedral, houbo repique de campás e toque de caixas e claríns, fogos e cometas. Ás dúas saeu do Convento de Bonaval a Comunidade dominica levando dezaseis imaxes de santos, vestidas con ricos traxes e alfayas. Na porta do Camiño xuntouse á comitiva a imaxe de San Bieito levada pol-a súa comunidade. Chegados á Catedral, colocáronse as andias en mesas cubertas con brocateles nos intercolumnios do cruceiro.

A Procesión.—Rematado o canto de Completas, ô que asistiu Monroy, pesia ás súas doenzas, saeu o cortexo pol-a porta da Azabachería. Diante, os xigantóns da Catedral, os claríns da «Ciudad», e un estandarte novo, de raso con flores de ouro, ca imaxe de San Pío V e as armas dos Gíslerio, levado por Don Alexandro Chavarria, entre o cabaleiro de Santiago e Marqués de Bendaña, D. Xuan Bieito Piñeiro e D. Francisco Lamas, acompañados de toda a nobreza da vila. Seguían as imaxes dos fundadores de ordes relixiosas cas súas comunidades, as cruces parroquiales, o estandarte da Catedral e o seu Guión, os capitulares, o Cardeal semaneiro, con capa e mitra, e a imaxe do santo levada por catro capeláns de coro.

Entre a porta da Azabachería e a do pazo arcebispal, topábase o primeiro dos altares, onde se fixeron *paradas*, n'esta procesión. Este «coloso o altar da idea» fora ergueito pol-a familia arcebispal. Mesa enfeitada con ramos de froles de seda, prata e coral, catro «Niños de Nápoles», Cristo de marfil en crus de ébano e tortuga ca Virxe das Angurias en baixo, decoración de prata, da que xa dedicaba o Arcebispo á Capela do Pilar que dirixía Casas e Novoa, que tamén proyectaría o retabro que se erguía detrás de este altar. Describe así Pacheco a súa arquitectura:

«Por la parte exterior del primer cuerpo se levantaban dos columnas athicas formándose desde el ángulo interior de cada una, una línea cóncava, que hacía resaltar mas así a ellas, como a ocho argotantes o cartelas que desde la basa se levantaban en proporcionada altura. Recivían la cornisa, cuyo friso adornaban hermosas láminas con marcos de cristal,

(1) Entre as anotacións en libros que pertesceron a frades que concorriron a estas festas é curiosa a que contén o exemplar da Biblioteca do Colexio Franciscano de Santiago, que testemuña a asistencia do P. Predicador Fr. Lucas Antonio de Soto, que d'aquela era Vicario de Coro do Conventó de San Francisco da Cruña.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

ocho estípites con basas y capiteles, airoisimos en sus disminuciones y debidos gruesos, adornados con festones y fruteros pendientes de la boca de unos mascarones, macollas, flores y molduras que los hacían tan agradables a la vista como bien proporcionados para la hermosura de la obra, Formáronse en su centro cinco gradas, a quienes revestían muchos ramilletes de plata de relieve entero, relicarios de coral y cristal, cuatro urnas de ébano y tortuga llenas de reliquias, con imágenes de marfil. Descargaban sobre ellas su finjido peso diez columnas salomónicas, rematando en cinco arcos y formando en correspondiente disminución una ingeniosa e vistosa perspectiva que servía de hermoso camerín en que se veneraba, en un retrato el Santo Pontífice... Subía la misma línea cóncava al segundo cuerpo, continuando en arco, en cuyo medio formaban otras dos columnas áticas un recuadro que adornaba otro retrato de igual primor y superior original: era el de María Santísima [de Guadalupe]... su alta coronación que remataba en una vistosa tarjeta, en que estaba pintada la sagrada tiara y las laves de la potestad... Coronaba el altar un rico dosel y en su correspondencia ricas colgaduras que vestían la fachada de la puerta de la Azabachería» (1)

De este altar sigueu a procesión ô que ergueran os frades bieitos na portería do Mosteiro de San Martín Pinario, con pranta pentagonal e dezoito varas de outura:

«Tenía el primer cuerpo por el lado de la frente una hermosa gruta de cinco varas de largo, ochavada, con el capialzado y abocinamiento hasta la ochava más pequeña, toda adornada, con el techo de tesú campo azul, en su frente, por orla, diferentes alhajas, con espejos de diferentes colores entretregidas, el fondo de ella cuajado de reliquias guarnecidas de oro y plata. Hacíala más vistosa su posición de perspectiva. En los lados se descubrían dos abocinados arcos por los cuales salió con luces la comunidad a recibir la procesión. Adornaban preciosos cuadros las otras dos extremidades, que en la fachada arrimaban a cuatro elevadas columnas. El vestido de este cuerpo era de damasco encarnado y por cornisamento tenía un cuello de paloma de la misma tela. Dos espejos de a tres varas de alto cada uno ocupaban los dos ángulos fronteros sobre el cuerpo referido, en cuya correspondencia se seguía a una y otra parte un precioso juego de láminas muy ricas. No menos suspendía el alma un retrato del Príncipe de las Asturias, que en medio de la frontera se dejaba ver entre sus heroicos padres y nuestros excelsos Reyes. Tres estancias con sus divisiones formaba la grande ideada máquina sirviendo de pie los ángulos de cada una a seis piramidales cubos que recibían seis Niños de Nápoles. Remataba en los ángulos de cada división un cubo adornado con diferentes alhajas y sobre ellas muchas figuras. Acababa el altar en pirámide, despertando en ella la pira en que en acuerdos felices renacía Pío a inmortalidades. Era el remate el Gloriosísimo Padre y Patriarca San Benito, de tres varas de alto, para dar alma a tanto cuerpo (!), cubriale un gran pabellón de damasco encarnado que cogía en hueco siete varas...»

As danzas dos gremios, etc. acompañaban a procesión e rodearon estes altares. O cortexo rubiu a Azabachería, baixo arcos de trunfo, entre os balcóns colgados de reposteiros, mentras se disparaban fogos de baterías e «bolarines». Na praza principal, que era aínda a que hoxe é de Cervantes, onde estiveron as Casas do Concello, erguíase a parada dos Xesuítas, «pro-

(1) «Fiestas Compostellanas». Procesión y Altares... Mentras non poñamos outra nota enténdase que os datos proceden da mesma fonte.

digioso altar de tres corpos, aunque de mas 'almas»: A descripción que de él fai Pacheco, mais literaria, cicais por tratarse de unha obra da Compañía que tiña o monopóilo da poesía ô xeito novo en Compostela, merece reproducirse si non pol-o interés descriptivo pol-o valor de algunhas figuras:

«La idea del primero (cuerpo) a quien correspondían los otros dos en lo lucido de joyas de pedrería, filigrana con toda la imaginable preciosidad que pudo conducir el amor, era un salón espacioso de perspectiva adornado de exquisitas alhajas, que componían un estrado en que se miraba rodeado de varios cardenales, San Pio Quinto. Estaban las alhajas con tal proporción dispuestas que venían a consultar sus esplendores en un espejo... Parecía otra nueva república de sombras animadas tan vivamente copiadas en el cristal, que si no tuvieron alma, fué porque no tenían cuerpo. Tres arcos eran el frontispicio porque al mirarse en el cristal tan hermoso no pudo dejar de formar tres admiraciones arqueadas, o tres iris, que causasen una continua admiración: que aun hasta en esto quiso mostrar semejanza, sino emulación con los que lo miraban, que a vista de tanto asombro arqueaban las cejas para dar capacidad a los ojos de estenderse por un campo dilatado de prodigios... Servía de alma al segundo cuerpo la imagen del esplendor de Oriente, Xavier,... Coronabase finalmente... con un iris mas que celeste, porque las lustras almohadas de seda de que se componía le daban colores no finjidos sino verdaderos... Dejábase ver en frente una hermosa fuente, que en ocho copiosos caños derramaba su caudal siendo parleras lenguas de plata sus bulliciosos murmúreos....»

Neste altar cantouse un bélico himno que recollemos no Apéndice III, e que, debido sempre os poetas do Colexio da Compañía é proba da difusión en Galicia das ideas poéticas de Góngora. Entre todas as poesías recollidas por Pacheco é a mais interesante por ter algúns acertos, raros, entre a xorda versificación dos nosos escritores, entón en certa decadencia.

A procesión seguiu por Casas Reales, onde estaba o altar levantado pol-os frades franciscáns. Tres arcos en perspectiva, con columnas corintias enmarcaban unha representación da batalla naval de Lepanto, cicais pintada, que é o mais probabre («aun con la reflexión de que era pintada la juzgábamos verdadera») ou composta con pequenos barquiños e movemento escenográfico nas i-augas, que é difícil acraralo entre as metáforas de Pacheco que gaba o coor, o ruído e o refruxo das ondas e conta as pezas dos navíos tan vivamente que López Ferreiro dou por certo que se tiña celebrado unha verdadeira Naumachia (1). Pintadas ou en miniatura as naves capitanas tiñan vinte e catro pezas e a xente ademirou que no pequeno campo de cada nave cupesen cantos

(1) López Ferreiro.—HIS. T. IX. páx. 313, s.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

pertrechos lle eran precisos. Claríns e caixas daban sino de batalla e disparos de pistolas finxían os das pezas. Unhas décimas (Véx. Ap. II) pretendían acrarar diante as xentes a representación. Relicarios, espellos, imaxes, alfayas, e no remate, a dezaoitto varas do chan, a imaxe do santo entre San Francisco e Santo Domingo, e un embrema dos Gislerio ca imaxe de San Miguel.

Na porta do Camiño estaba o altar dos Agustíños:

«Componíase de tres ochavas con sus arcos, cuyas líneas formaban unas enjutas adornadas con florones. Jugaba la cornisa en la conformidad de las ochavas, en cuyos ángulos había dos pilastras de cuya imposta salía una perfecta moldura. En el arco del medio se veneraba la milagrosa imagen de N. S. de la Cerca, de quien el Convento tomó su nombre, en el de la mano derecha la de S. Rita de Cacia, y en su correspondencia la de San Nicolás Tolentino. Formaba un vistoso camarín la ochava del medio en que estaba colocada la imagen de N. S. de la Piedad y en las otras dos, dos efigies que representaban la Conversión de S. Pablo y cuando S. Juan bautizó la Magestad de Cristo. Mucho tuvo que admirar la curiosidad, ya en el remate de unos cubos a manera de pirámides ya en sus muchas y diversas alhajas, claros y tersos espejos, ricos y costosos escaparates, preciosos y cristalinos óbalos... Pero lo que más arrebatava el pensamiento era el costoso arco, cuyas extremidades en porción de oriente a occidente circuían el altar, que se formó dentro de su cavidad.»

De alí rubíu a calzada de Santo Domingo e fixo entrada na eirexa de cuiu adobio agora falaremos. Soou o orgao, cantáronse villancicos e dixeronse vísperas ca solenidade capituar de Compostela, rubindo os coengos cardenaes a incensar o altar maior e o portatil do Santo. Rematadas, retirouse o Cabildo solemnemente á Catedral.

Decoración do Convento e eirexa de Bonaval.—A portería estaba pendurada de reposteiros, espellos e «países prodigiosos» con dous retratos dos proteitores do convento: o S., o do Cardeal Don Baltasar Moscoso de Sandoval, Arzobispo de Toledo, da Casa de Altamira, que pagara a construción de aquela parte do edificio; o N., ó do Arcebispo Monroy que fixera erguer baixo a dirección de Domingo de Andrade todo aquel andar, deica a famosa escaleira de caracol.

No claustro, pendían da cornisa tapiceirías de Frandes e Milán, e riba d'ela cadros de marco dourado. A fonte central estaba tamén enfeitada, as columnas cubertas de tafetán roxo e nas portas víanse estatuas de anxos, agás na da eirexa que tiña enriba un gran retrato do Papa Clemente XI, en xogo c'un embrema de

Compostela. Por todas partes ollábanse poesías en diversos idiomas e dos mais diversos xeitos. Na panda da eirexa, versos latinos en loubanza de Compostela e dos seus fillos, e portugueses adicados ô santo; na do refectorio, xeroglíficos e cuartetos con premios pra quen os descubrese ou fixese a grosa; na do N. enigmas, tamén con premios, e na da sacristía nova madrigales italianos, versos *galegos* e casteláns e sonetos comúns e dobrabos.

O pórtico da eirexa decorárase ca colgadura do Hospital Real e pinturas de bó pincel, entre elas, perto da capela da Encarnación, un retrato do Papa rodeado de blasóns dominicos con enigmas i-empresas (1). Á sua dereita puxérase unha preciosa miniatura, obra de Roma, que doara Monroy ô convento pra colocar no altar maior que mandara facer, ô redor d'este cadro, as armas dos que facían a festa en cada un dos nove días. Baixo doseles víanse tamén os retratos dos Reises.

A eirexa estaba decorada con colgaduras da Catedral. A capela maior tiña a bouta e as paredes cubertas con colgaduras de seda e tafetán.

«Formose dentro de su ámbito un altar magnífico; era su figura de medio exágono, que en perspectiva tenía en el primer cuerpo un ochavado abocinado arco, por el cual se veía a distancia de seis varas en su dorado camarín la hermosa imagen labrada de piedra de Nuestra Señora de Bonaval... En los otros dos lados, para la comunicación de todo el altar, por la parte de adentro, había dos puertas, delante de las cuales estaban las credencias. Comenzaba el segundo cuerpo, a quien por pedestal servía un gran bocelón, adonde movían los ángulos sus cartelas y resaltos hasta coger el fondo de su plomo. Retirábase este cuerpo en donde había otros tres arcos en perspectiva capialzados de medio punto en cuyo centro se hallaba triunfante San Pío Quinto... Colocáronse a sus lados conforme pedía el retiro del medio exágono S. Ceslao con un globo exhalando incendios, y Santa Lucía Narni, con el prodigio de las llagas, y en las esquinas de esta figura movían en pirámide unos adornados cubos que recibían unos angelotes con sus hachetas. El frontis del tercero cuerpo era un magestuoso arco de ochava, o medio octógono, en que estaba colocado el Sagrado Pan Eucarístico, a quien servían de cortina las armas de los que hacían la fiesta, y por eso cada día se mudaban... Seis corpulentos angeles servían de pages de hacha, cuatro a los pies derechos de este arco grande y dos en dos cubos, por la parte adonde movían los otros ángulos, haciendo correspondencia a los lados en dos arcos prodigiosos S. Tomás y S. Inés, a quienes acompañaban otros dos angelotes con sus hachetas en el remate de estas líneas. Corría de arco a arco la imposta de los arcos (sic) rematando perfectamente en los ángulos últimos.

Predominaba en lo eminente del cuarto cuerpo, que remataba en pirámide con la disminución que para tan hermosa obra dictó la arquitectura, N. P. Santo Domingo, coronando todo el altar magnífico, en medio de San Raimundo y Santa Rosa, que en otros dos pirámides disminuidos se hallaban también colocados. Cubríalos un precioso dosel de damasco... casi

(1) *Murguía*. («El Arte en Santiago, páx. 41) supón que estas pinturas poideran ser orixinales de Bouzas.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

cuatrocentas velas, sin las luces de las arañas y hacheros, ocupaban la prodigiosa máquina... Era un golfo de ardores el altar...»

Perto d'él puxérase a imaxe do Santo que viñera na procesión, colocada n'un altar portátil rodeado de hacheiros de prata c'os seus blandóns. As capelas estaban tamén adobiadas con panos e luces, especialmente a de San Vicente Ferrer, con colgadura de damasco. No corpo da eirexa, sobre alfombras, colocáranse os bancos de felpa rica en que tomaban asento as corporacións que facían diariamente a festa.

O novenario.—Rematadas as vísperas litúrxicas, fíxose, xa de noite, o folión na Quintana, que preparara a Catedral á quen correspondía o día seguinte, primeiro dos nove, a festa. As torres da Catedral e a Portada Real da Quintana tiñan accsas as «luminarias» e nos balcóns puxéranse fachas, como nos mosteiros de San Payo e San Martín. Tocaron as chirimias, que d'aquela usábanse aínda nas festas profanas, houbo repique de campás, como na noite do Apóstolo e disparouse o fogo, comenzando pol-a «obra menor» de pirotecnia — volantes de seis e sete tronos, culebrillas de estrelas e de pé de cabra — seguindo cos xéneros de «obra maior» — montantes, alcancias, granadas, tronos de oito libras — pra rematar c'unha figura, o xeito de batalla, onde saía unha «madamita» que figuraba un cabalo. Anque o Convento enviou algúns fogos pra esta festa, casi todol os gastos correron pol-o Cabildo, que pagou a Sebastián Cancela, o artista fogueteiro, 2.400 reales de vellón pol-o fogo, e 1.325 pol-a cera e os gastos miudos (1)

Á mañán do día seguinte, 24 de Setembre, cantóuse a primeira misa do novenario, a cargo do Cabildo Catedral. O evangelio predicou a «Oración declamatoria» o Licenciado D. Diego Xacinto Romero de Moscoso e Caamaño, Maxistral de Pulpito da Basilica. Debía ser o mais famoso dos oradores composteláns do seu tempo. Fora colexial de Fonseca e de Santa Cruz de Valladolid e Lectoral de Escritura en Tuy. D'aquela sería aínda rector de Fonseca. Este sermón e o que acompaña en folleto aparte, encuadernado adoito facticiamente, o tomo das festas Minerva-

(1) *Arquivo Catedral de Santiago.*—Faixo de comprobantes de contas dos anos 1710 a 1714. Gastos extraordinarios de 1713. O Mayordomo da Mesa Capitular Don Alonso de Robles, por orden dos Srs. Dean e contadores de Facenda, paga a Sebastián Cancela os gastos indicados.

les (1) que pronunciou en memoria do fundador do Colexio, no martes da pascua de Pentecostés de 1697, son as únicas obras suas que se conservan. N'este sermón sobre San Pío Quinto tivo que coller o tema usado por todol-os oradores durante o novenario, o evanxeo da misa d'un Confesor Pontífice, (Math. Cap. 25) a parábola dos servos e os talentos, adicioándolle un texto de San Xoan (6,50) como fixeron ás veces outros oradores, sin gran necesidá e con pouca oportunidade. A oración de Romero de Moscoso foi a mais arriscada peza de elocuencia que escoitaron os composteláns en toda a época barroca, de tal xeito que os outros pregadores das Festas, por mais que quixeron evadir a tónica que él dera, caíron na súa imitanza, aínda os mais doctrinales e asisados, como Arroyo e Castro. A novidade do Maxistral consisteu en decir un sermón rimado e «numeroso»:

«Que astro nuevo, Católico auditorio, benigno amaneció a nuestro hemisferio? Pues siguiendo los giros de sus luces cuantas nobles estrellas racionales ilustran y pueblan este campo, que merece el honor de firmamento, *Campus Stellae*, publican sus aciertos reverentes, cuando la devoción las muestra errantes.

Padezca esa luna ya sus detrimentos en la conjunción de esos dos astros. Mirad, que parece empeño vuestro quitar a la Iglesia ese Padrastro y al orbe católico ese susto. Inspirad a los cristianos príncipes el que lleguen a unirse tan concordes que enarbolan en Jerusalén las banderas de nuestra religión, y a los que os festejan reverentes difundid vuestras luces brillantes y desde esa celestial esfera, como hermosa sagrada Cinosura, sednos Norte feliz resplandeciente, en la navegación mas importante para que con el aire de la Gracia lleguemos al puerto de la Gloria.»

Despois da misa, cos seus villancicos, a Comunidade de Bonaval acompañou ó Cabildo deica a Catedral.

Pol-a tarde, rematadas as vísperas na Basílica, a Capilla fixo a «siesta» de música na eirexa de Santo Domingo deica a hora da reserva.

Á noite comenzaron os festexos do día escollido pol-o Concello c'un folión na Praza Maior. Deran señal pra o seu escomenzo os claríns e caixas da «Ciudad», encendéronse luminarias e

(1) *Romero de Moscoso y Caamaño*.—Oración Panegirica en la festiva solemnidad que anualmente consagran el martes de Pascua del Espíritu Santo la Vniversidad de Santiago, y Colegio Principal de Fonseca, concurriendo a ella el Ilustrísimo Cavildo de la Santa Apostólica, y Metropolitana Iglesia del Señor Santiago, y aquella Nobilísima ciudad, a la felice memoria del Excelentísimo Señor D. Alonso de Fonseca Zúñiga y Azebedo su magnífico Fundador, Arçobispo que fue de Santiago y de Toledo. Predicó el Licenciado Don Antonio Frayz. Año de 1797, qq^a - 20.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

queimouse o fogo que rematou n'un finxido touro. Finado o folión emprincipiou unha máscara que durou toda a noite. Formábanse unhas cen parexas, saéu do Campo de Santa Susana e seguíu deica a Praza do Consistorio onde o Alcalde Maior sacou o estandarte novo, que mandara facer o Concello e fixo entrega d'él a Don Diego de Ozores, fillo do Conde de Priego, que á súa vez o entregou ó seu curmán Don Xohan de Andrade e Roxas que con trinta cabaleiros mais se xuntara a todos. Marchou o cortexo pol-as ruas, precedido dos claríns, un xigante e seis cabezudos con disfraz de animais. Formaban o centro sesenta cuadrillas e detrás de outros dous claríns seguían os cabaleiros vestidos de gala, e remataba co pendón do Santo. En todo o camiño, peóns e cabaleiros, levaban fachas acesas. Nos lugares anchos onde podían domearse as cabaleirías orgaizábanse vistosos desfiles, nas ruas estreitas, divididos en dous bandos, simulaban loitas, saíndo á escaramuza en cabalos de madeira, con lanza e pistola.

Ó día seguinte reuníronse na Praza Mayor todol-os gremios, formando compañías de arqueiros, ó morisco, e danzas de arcos, espadas, labregos con pandeiros e sonaxas, etc. Ó son das trompetas e das caixas, precedidas dos timbaleiros ou «morenos», como entón lles chamaban en Santiago, e das danzas gremiales, saeu o Concello da Casa Consistorial e rubeu deica Santo Domingo, entre o estrondo das salvas e dos foguetes (dez rodas e seis docenas de foguetes, acusan as contas sojo pra esta saída!). Dixo a misa, que escoitaron con fachas nas máns os señores do Concello, o Arcediano de Reina Don Pedro Posse e a oración panexírica o Doctor Don Xuan Vallo de Porras, Prior Dignidad da Catedral de Santiago, do cual non se coñece mais obra que este sermón, onde sobre a mesma parábola que os demais e co texto de San Xohan «*Qui manducat hunc Panem vivet in aeternum*» fixo unha glosa metafórica da gloria de San Pío V como cidadán do ceo, menos inxeniosa e mais afectada que as demais, anque o P. Pacheco comentara que «derramaron sus labios preciosas perlas».

Retiróuse despois o Concello acompañado da comunidade, pero os cabaleiros como os funcionistas dos demais días xantab: n no Convento, e pasaban a tarde en conversas nas celdas chamadas do Cardeal e do Arcebispo, dedicadas a Moscoso e Monroy. Tor:

naron as danzas e despois da reserva repiteuse o cortexo da Ciudad.

Pol-a noite, comenzo da festa do Mosteiro de San Martín Pinario, con folión na Azabachería. Fogueiras e luminarias, repiques, fogos: granadas, sarillos, montantes, alcancias, estrellóns, luces, culebrillas, cometas, fogos de palenque de a vinte tronos e de a cen lamparillas, cabalos de fogo con cabaleiro armado, e por remate un castelo, ou fachada, como o de hoxe do Apóstol, que durou máis de unha hora.

Pacheco e Troncoso gaba moito estes festexos dos frades e o fai con verdadeira efusión. San Martín Pinario, con todo o seu prestixio medieval, foi unha esgrevia creación do barroco compostelán. O culto fastuoso, os grandes altares, a extensión hiperbólica do edificio falagaban o espírito popular. Cando Pacheco veu desfilar pol-a mañán cara San Martiño a teoría dos cento decesete monxes, c'os seus doce capeláns, os vintecinco criados e os seus trinta e oito recollidos, tivo máis fondo sentido do esplendor da vila que diante do cortexo das corporacións do día anterior e fixo unha longa gabanza do mosteiro falando da súa hestoria, evocando aqueles vinte e dous cotos, con trinta mil vasalos e seiscentos beneficios, que daban ó Abade un señorío máis ricaz que o do Arcebispo e que garantizaban un íntimo contacto da vila con terras alonxadas, da Galicia da veiramar e da montana.

Dixo a misa de Pontifical o Abade Fr. Xohan Sánchez, Catedrático de Prima na Universidá, e a Oración Declamatoria Fr. Isidoro de Arroyo, Predicador Xeneral da súa orde e graduado n'esta Universidade. Sermón máis repousado, de home lido en erudición eclesiástica; grosa da gloria celestial de San Pío, con aspecto de centón escriturario, onde ás vegadas pode toparse unha xusta expresión literaria.

Pol-a noite encendeu luminarias o convento de San Francisco e fixéronse fogos na prazuela de Santo Domingo, como nas tres noites sucesivas. No carto día da novena, concurriu a comunidade de San Francisco, precedida de claríns e danzas. Dixo a misa Fr. Francisco de Castro, guardián do Convento e correu a oración a cargo do P. Fr. Xacobo de Castro, compostelán de nacencia, a quen dá un posto na historiografía galega o seu «Arbol Chronológico» da Provincia franciscán de Santiago. É este o único sermón

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

seu que coñezo. E o máis «retrasado» dos que n'estas festas se dixeron e anque domine n'él un sobrio acento narrativo, non está limpo de énfasis culterano.

O quinto día facían a festa os frades de San Agustín, pol-a noite alumearon as torres da sua eirexa e á mañán dixo a misa Fr. José de Soto e predicou Fr. Gregorio Alvarez dirixíndose principalmente á descrición do proceso que remata na canonización d'un xusto. Fora a hiperbólica bazarria do concepto, témolo, pese ó seu nome escuro, por un dos mellores pregadores do novenario; o seu período somellante ás veces ó de Cristóbal de Fonseca, ten anacos de ritmo claudeliano:

«O Gran Madre de un Hijo Grande, que parece recrece tu mayor grandeza haciéndote Madre milagrosa! Como Isabel en su ancianidad dió a luz el mayor de los santos --«*Precessit in diebus suis*--, tu, después de tantos siglos diste a luz un hijo santo, el mayor de los pontífices que conocemos. «*Non surrexit maior*».—No es ponderación de mi debido afecto si oráculo del Espíritu Santo, que poco ha cantar oímos: «*Ecce sacerdos magnos, non est inventus tsimilis illi*». Isabel aunque anciana no estaba quebrantada ni gastada porque nunca había parido, pero Tu, sobre los siglos de tu ancianidad has dado a luz tantos santos, tantos hijos, que es un milagro muy grande que pudieses concebir tal hijo.»

Pol-a noite, despois da reserva, precedida como de costume pol-o concerto da «siesta», (1) encendéronse luminarias nos balcóns do colexio da Compañía e nos de Bonaval e Belbís.

Ó día seguinte, sexto das festas, correspondeu o turno ó Colexio da Compañía que chegou precedido co no de costume de claríns e danzas. Dixo a misa o P. Vicerrector do Colexio, Francisco Beza e a oración panegírica o P. Manuel de Prado, Doctor graduado na Universidá Compostelán, que disertou sobre o mesmo tema que os anteriores, con ocurrencias tan cómicas como a de ir comparando os días da novena ós da creación, de xeito que o *Fiat lux*, correspondese ó Cabildo, o *Fiat Firmamentum* á «Ciudad» de *Compostella*, a xuntanza das augas ós monxes bieitos, as lumieiras dos astros ós franciscanos, a creación dos aves á águia agostiñán, e n'aquel sexto día chegou ó intre de crear o home: «*Faciamus hominem...*» (1). E despois de este exordio ven a mais divagante e desatada oración de todo o novenario. Respeito a quen fora este P. Prado, non

(1) Aínda se chama deste xeito o concerto vespertino que se fai na Catedral de Santiago nos días de Exposición Mayor.

aparece dato algún en Santiago, pero cicais non fora arriscado identificalo c'un seu homónimo, tamén xesuíta que, sendo rector do colexio de Valladolid, firmaba unha «Carta... sobre la muerte y virtudes del P. Bernardo Francisco de Hoyos» impresa sin lugar nin data (1), sin que tampouco apareza citada en ningún dos repertorios que tivemos á man, incluso o Alcocer (2) onde por certo, nos números 1122 e 1227 aparece un P. Manuel de Prado, no primeiro, con data 1721 autorizando en nome do Provincial unhas disertacións latinas de Vicente Mascarell e no segundo firmando a censura do «Honorífico elogio que a la Madre Ana María de la Concepción» adicou o P. Mu- cientes, tamén da Compañía.

Á tarde, rematado o convite acostumbrado, fíxose unha curiosa función, na eirexa. Os colexiais da Compañía entraron cas suas danzas bailando diversas representacións con letras dos padres que d'aquela tiñan pol-o visto o monopolio da versificación en Santiago. No Apéndice II dánse algunhas mostras das cancións, que ás veces tiñan un xeito popular moi pinto- resco. Logo fíxose unha loa feita ó asunto, e rematou a festa c'un sainete e cas raras invencións dos Trifaldines, que a xente toma- ba por cousa de meiguería. A bocanoite retiránsen os patróns da festa mentras se acendían lumieiras nos balcóns do pazo arcebis- pal, a quen correspondeu o séptimo día.

Dixo a misa o Cardenal Dignidad da Catedral D. Manuel de Salazar e o sermón Fr. Tomás Monzón, Dominicó, P. Presentado, Predicador Xeneral e titular do convento de Santiago, facendo unha curiosa distinción entre o xusto e o santo, ollando ás virtu- des heroicas de San Pío. Séneca e Plutarco a carón dos Evanxeos e dos Pais da Eirexa, lembranzas humanísticas, formación teo- lóxica...

Pol a tarde comenzou a festa da Universidá a quen co- rrespondía a octava xornada do novenario. Folión, repiques, fo- gos, e pra remate un castelo de dous corpos e unha media naran- xa, que tardou duas horas en rematar de arder. Estaba adornado

(1) *Prado, Manuel de*—Carta del P. —, Rector del Colegio de la Compañía de Jesus de Valladolid, sobre la muerte y virtudes del Padre Bernardo Francis- co de Hoyos, de la misma Compañía. - S. L. n. a. 21 cm. 8 m. - 46 pág. 4.ª Biblioteca Univer- sitaria de Santiago, Foll. 101 - 6.

(2) *Alcocer*.—Catálogo razonado de obras impresas en Valladolid. - 1481 - 1800. - Va- lladolid 1926. Núms. 1122 e 1227.

de cubos espellos e mais de trinta rodas. Aparecían n'él dous campos de soldados en loita, e rematou ca saída de dous cabalos. A Universidá non tasara o precio deste festexo, como nota Pacheco, de xeito que según logo veremos gastou mais que ningunha entidade de Compostela, chegando o seu dispendio a mais de 12.000 réas (1).

Á mañán seguinte organizouse o cortexo da Universidá. Diante, os atabaleiros con libreas verdes, feitas adrede pra a festa, levando as armas da Universidá. Seguía o maestro de ceremonias; o Colexio de San Xerónimo; á dereita os graduados cos capelos e insinias das cinco cencias; á esquerda o Colexio Maior de Fonseca cas insinias roxas. Na eirexa de Bonaval sentáronse en bancos de terciopelo carmesí, que tamén se fixeran adrede. Celebrou o graduado Arcediano de Reina. O orador foi o mais famoso das festas, soio comparabre a Romero de Moscoso, anque mais soado: D. José Bermúdez Mandiaa (2), nado en Ferrol en 1674, morto de Bispo de Astorga en 1736. Estudiara en Santiago e Salamanca, fora Colexial Maior de Santa Cruz de Valladolid, Canónigo da Colexiata da Cruña, Maxistral de Mondoñedo e d'aquela era Lectoral de Santiago. Coñecemos como obras suas un «Discurso Moral y defensa de los privilegios del Año Santo Compostelano» publicado en Santiago en 1708, a «Historia del Apostol Santiago» que garda manuscrita a Catedral i entre os sermóns este e o que, tamén por encargo da Universidá, dixeran o 27 de Setembre de 1707 na acción de gracias pol-o nacemento do «deseado y serenísimo Príncipe D. Luís Fernando Ginés», que imprimiu Fraiz no mesmo ano (3). O «Panegiris Sagrado», como él tidou o sermón de esta festa, dito no día do Rosario, precisamente, xoga no exordio co símbolo das estrelas do blasón de Fonseca como coroa das grorias do canonizado logo identifica os cinco talentos

(1) *Archivo da Universidade de Santiago*.—Libro de Claustros dos anos 1710-1716, folios 241 y. 241 v.

(2) Vd. sobre Bermúdez Mandiaa, López Ferreiro, obra citada, T. X, capítulo VI, páxina 218 e nota.

(3) *Bermúdez de Mandiaa*, José Francisco.—Sermón que en la solemníssima acción de gracias, que celebró la insigne Vniversidad de Santiago, el día 27 de Setiembre del año 1707 por el feliz Nacimiento del deseado y serenísimo Príncipe el Señor D. Luís Fernando Ginés, Hijo de nvestros catolicos monarcas (Dios los guarde) el Señor D. Felipe Quinto el Animoso y la Serenísima Reyna D.^a María Lvisa Gauriela de Saboya Nvestra Señora, predicó... Santiago, Jacinto del Canto. En la Imprenta del Doct. D. Benito Frayz 1707. - Sig. q⁴ - A 3-26 pág. 20 cm. 8^a m⁹. - Bibl. Universitaria de Santiago, Foll. 245-1.

da parábola das cinco facultades, que doctoran a San Pío na santidá e pra remate invoca á Universidad do Ceo, doctora ás estrelas e acende a Casiopea no culto do novo santo. Oración de poeta astrólogo que Pacheco deixou eloxiada con verbas de San Gerónimo.

Despois, como adoito, convite en Santo Domingo, siesta pol-a capela, reserva, lumieiras e fogo—pagado pol-o Arcebispo—que rematou n'unha torre ca sua fonte de lus.

O día derradeiro da novena correspondía a Monroy, dixo a Misa o Deán Don Francisco Verdugo e a «oración evangélica-gratulatoria» o xa nomeado P. Monzón, que quixo ser orixinal e novo e caeu na mais torpe gerundinidade do novenario; 94 longos puntos de inxenio a rematar n'unha cómica grossa do «*Tu Domine longus narium*»: «Tu Santo mio eres de nariz corva y larga...» O P. Pacheco alaba moito as sotils imaxes de esta «elocuente boca por donde el Sacro Nilo explicó sus últimas finezas...»

A nobreza de Compostela, que comeu este día no Convento, dispuxo pra a tarde os mais curiosos festexos de todo o novenario.

Pra remate das festas propuxéranse diversos xogos de parellas, sortixa, alcancias, etc. na Praza do Obradoiro, onde aínda se non erguera o Pazo de Raxoy, cuio lugar ocupaba aínda o Castelo. Á unha da tarde saíron á Praza, decorada con tafe-táns e reposteiros, os nobles que ían xogar, clavando o cartel e xogando as dagas e lanza, namentras os claríns convocaban ó pobo. Retirouse o cortexo e reapareceu de novo ás catro; os cabaleiros, en rexas cabalgaduras, vestían de roxo e branco, formados en dúas alas, e observando as ceremonias da ley de cabaleiría, adiantáronse deica a tenda onde estaban os Padriños que lles entregaron o estandarte de San Pío Quinto, ca sua imaxe e as armas da vila, que era a prenda da lid. A empresa comenzou, arroxándose as alcancias, prateadas; despois xogouse a sortixa, fixéronse catro xéneros de escaramuzas e rematou a festa co sainete de un estafermo, que preparara, como os outros xogos, o entallador Xosé das Seixas, según consta nas contas do Concello. Os cabaleiros, rematada a xusta, foron tomar a beizón do Arcebispado a quen entregaron o estandarte, que mais adiante se colocou na eirexa de Bonaval.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

Cabo.—O Cabildo reuniuse o día 26 de Setembro, despois do día da súa festa, e o Cardenal D. Manuel de Salazar dou as gracias en nome de Monroy pol-a solenidade das festas. (1)

O día 6 de Outono reuniuse o Consistorio de Compostela. O Rexidor, Don Xuan Antonio Rapela, presentou as contas, importantes 4321 reales, que foron aprobadas, non sin discusión. Concedeuse un voto de gracias ó Alcalde D. Xosé Bermúdez de Sangro «por la buena conducta y acierto con que dispuso las referidas fiestas» e ó Rexidor Rapela encargouselle unha relación de elas pra axuntar ó acordo e «que en todo tiempo constaras e media de terciopelo negro, de a cincuenta e dous reales a vara, duas varas e cuarta de tafetán negro, dous pañuelos de dous haces, de a vintedous reales, e a él e ós señores que dixeron a misa quince libras de tabaco. (2)


O día 7 reuniuse tamén a Universidá e o Sr. Rector deu conta do seu cometido que levara a cabo acompañado de Don Xosé Benito Pose, leeu as contas dos arreglos que se fixeran pra a función, que importaban 6652 reás, por bancos novos, traxes, etc. e os dos festexos que subían a uns 6284. Acordaron os claustrales pagalos «nemine discrepante» e déronse por satisfeitos do ben que se aplicaron o desempeño do cometido, non contentándose con menos de librarlle ó Reitor o importe de unha arroba de chocolate «que la Universidad le sirve por vía de agasajo». (3)

Así remataron as festas de San Pío Quinto, as mais famosas que fixo nunca a Compostela barroca e festeira do «outono farto e dourado».

(1) *Arquivo da Catedral de Santiago.*—Cabildos de 1713. Fol. 186. v.

(2) *Arquivo Municipal de Santiago.*—Libro de Consistorios de 1713, Mayo a Diciembre, Fol. 492 s.

(3) *Arquivo da Universidá,* Libro e fol. cit.



XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

A P É N D I C E I

*Carta de Fr. Xuan Pacheco e Troncoso ô Aunlamento da
Cruña, pra o Reiño de Galicia*

Copia no Arch. Consistorial de Santiago. Libro de Cons. de 1718,
fol. 435. (*)

«Señor:

Los Srs. Diputados Don Simón de Torres y Don Alejo Pedrosa de Seixas, a quienes V.Ssa. encomendó buscasen sujeto capaz que historiase las cosas grandes del Reino nobilísimo de Galicia por la representación, tan llena de erudición, que al acuerdo hizo el Sr. Licenciado Don Jose de Montes y Tavares, pusieron los ojos en mi, aunque indigno para efectuar lo que V.Ssa. acordó, por noticias que dicen tienen de lo que en este punto en algunos años tengo trabajado. Y después de dar las debidas gracias a Dios de que en el corazón lleno del santo celo de V.Ssa. pudiese tan noble y discreto pensamiento, pues es cierto que (como todo lo de esta vida mortal sea bien respectivo) nunca los heroicos hechos para con los hombres serán heroicos si no los veneran grandes, decia Seneca, que por eso Job, aun con ser santo declarado por la boca de Dios, queria se diese a la prensa (sic) la noticia de sus virtudes, para que a él le sirviese de corona y a los futuros siglos de memoria eterna, que es lo que en el año 1715 dicté en el libro intitulado «Fiestas Compostelanas» que saqué a luz y me encomendó la religiosísima comunidad del Gran Patriarca Santo Domingo, de Santiago, es cierto, decia, que mal podrá darse nombre de grande a lo

(*) Damos este documento con ortografía actual, según a costume xéral pra os documentos d'este tempo, pese á dificultade da puntuación n'un estilo cheo de incisos. O bó senso do leitor suplirá calquer erro na reconstitución.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

grande si se ignora (**). No quiero decir que si Galicia siguió hasta aquí el dictamen de Esparta, cuna del valor y centro de virtudes, que desterró de sus anchos límites la elocuencia dando lugar a que el olvido sepultase sus virtudes y valor en sus hondos senos, pero parece deseaba o se conformaba con Eurípides que quería naciesen mudos los hombres.

No ignoro el alto empeño; sacar a luz lo que desde tantos siglos está dentro de la escuridad bien sé que es empresa árdua y difícil aun para muchos entendimientos de noticias fecundos, cuanto más para uno solo como el mío, y ese desnudo. Alejandro celebró la fortuna de Aquiles por haber encontrado en Homero igual panegirista a sus hazañas: cuantos Homeros sean precisos al nobilísimo y antiquísimo Reino de Galicia que desde su fundador primero (o fuere Noé o Tubal, o fuere Gomer o Jafet, tantas opiniones hay!) dió tantos Aquiles a cuyo valor temblaron las naciones extrañas, que refieren historias españolas? Colocó Roma en el orbe los sus estandartes, escriben romanos historiógrafos; conquistaron provincias barbaras, escriben autores británicos (Juan Lisleo Scota, Polidoro Virgilio y Hector Becio) que rebosa nobleza tanta que no puede numerarse. Difícil empresa es, pero anima mi confianza que el amor a la patria o el trabajo, dijo Ovidio en el Segundo de su Arte, se tira a lo imposible, y así espero, con el favor de Dios y el del Reino salir con esta empresa, aconsejado de Catto:

«Quod potes, id tentes, operis ne pondere pressus
Succumbat labor; et frustra tentata relinquis.»

Los pactos y condición debo ponerlos según el estado religioso que debe anhelar a servir y no mirar a interés. En término de cinco años he de dar acabada la historia general de Galicia, escrita de mano, desde su primer fun-

(**) De feito esta mesma frase tópase na «Razón de la edición» do libro das «Fiestas Compostellanas» expresado de idéntico xeito. incluso ca referencia á prensa que debeu ser moi grata ó autor. Outros anacos de esta mesma carta tópanse en diversos lugares, e a cita de Catón, que debeu ter lugar escolleito no repertorio do cronista.

dador hasta las batallas de Almansa y Biruega, a los dos años daré el tomo primero para que pueda imprimirse, y el Reino me ha de dar cada un año de estos cinco, cuatro cientos ducados de vellón en moneda de plata o oro para mi sustento y el de un manuese (sic) para papel y viajes que se ofrecieren. Me ha de dar el título de Cronista y ha de sacar licencia de mi superior para ir a donde se me ofreciere en los términos de España. Me ha de adelantar cien ducados, con fianzas, y entregado el primer libro me dará los cuatrocientos ducados. Los demás años me dará el estipendio anual quando entregare el libro que correspondiere. Formalizada la historia en el tiempo propuesto me ha de consignar el Reino, por cada año que viva, quinientos reales de vellón, por su Cronista, y por eso he de quedar con la obligación de anotar particularidades pertenecientes a Galicia para que sirvan de adición a la historia. Señalará el Reino sujeto que pague y que reciba mis papeles.

Estas son, Señor, las condiciones, y es cierto que a poder sustentarme y hacer los gastos a mi costa sirviera a V. Ssa. como amante hijo del Reino.

Dios guarde a Vuestra S^a. en su grandeza mi padre Santo Domingo.

Coruña, Septiembre 10 de 1718.

Señor, B. L. M. su hijo humilde y reverendo capellán
Fray Juan Pacheco y Troncoso»

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

APÉNDICE II

Algunhas composicións citadas no texto

1.º—VILLANCICO NO ALTAR DOS XESUITAS, NA PROCESIÓN

Estribillo

Tod. De azul campaña el vulgo sedicioso
leyes impone Pío al negro Ponto.
1 Truenen las cajas.
2 Truenen las cajas.
3 Truenen las cajas.
Unos Guerra, guerra.
Otros Arma, arma.
Que en idioma marcial dictó a Neptuno
boca de bronce, sílabas de llama.
Al arma, al arma,
Que de nuestros leños la espuma ultrajada
alienta ardimiento, ah de la playa!
Que el pielago ceñudo, hiviendo en rabias,
con globos de cristales, bate la playa.
Ah de la playa! Ah de la playa!

Coplas

1

2 Siendo espejo de el pino
el agua, ondeaban
dós armadas de sombras
dentro del agua.

Al arma, al arma!
Y también las sombras

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

sus lides trababan,
dando sus tropiezos
aire de batalla.
Que al duro combate se vió, entre sudores
de pálida espuma, temblar la campaña.
Ah de la playa, &.

3

4 Su cristal en corales
el mar traslada,
que hoy serán alegrías
las esperanzas.
Al arma, al arma!
Que, rizo en embates,
tumultuario en saña,
trocará el tumulto
en quieta bonanza,
quando moderare San Pio glorioso,
cayado en la tierra, tridente en las aguas.
Ah de la playa, &.

2.º—DÉCIMAS NOS TARXETÓNS DO ALTAR DOS FRANCISCANOS

1 Vence desde aquel Sión
en que ya Pio es eterno,
de las furias del Averno
los imperios de Plutón.

La cabeza de un dragón,
esclava rama de Agar,
la quebrantó en el mar
el Vice-Dios de Israel,
porque así se burla de él
Dios que lo quiso formar.

2 Ahogos de un Faraón
los renueva Solimán,
padeciendo otro Jordán,
otro Moises, otro Aharón,
Halla aquí su confusión
el gigante Filistín,
pero si guarda el jardín
de la iglesia otro Miguel
que mucho huiga (sic) Luzbel
del custodio Querubín?

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

3.º—ENIGMA NO REFECTORIO DE SANTO DOMINGO

Enigma

Sacro Numen exaltó
a Pío, al solio que goza,
elevole a alta carroza
Roma si, mas Roma no:
Roma triunfante le dió
laurel en la frente fijo,
y no fué Roma, colijo,
la que le elevó así:
pues como no, y como si?
Eso ya el verso lo dijo.

Descifrado: Pues si no es Roma, y es Roma
la que le dá su esplendor,
será Amor.

4.º—BAILES

Primer tono

Hoy obsequios, oh Pastor Divino,
de lazos volantes musica niñez
os tributa, que el Amor es niño,
y así alas se toma de Amor esta vez.
Ocho veces copiado Cupido,
si no equivocado a tus plantas se vé,
cuyos vuelos ser de águilas dejan,
pues quieren de amores ser ciegos también.

Salén

Salgan pués, y en el viento construyan
veloces sus huellas errores con ley,
que hoy errores has de ser aciertos,
pués la razón resplandece en los piés.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Representan todos

Mariposas de amantes incendios
que alienta en tu obsequio nuestra devoción
ansiosos venimos, felices llegamos,
a arder en las llamas de vuestro esplendor.
Y a tus plantas obsequio se mira
lo que parece amante presunción:
Pues Amor perdona delitos de amor.

1 Representa

Vuestro pastor al cuidado
hado es triste a la osadía
día en que el turco, cobarde,
arde en frenéticas iras.
Eclipsadas sus luces,
mira aquel día,
cuando al sol se oponen
siempre se eclipsan. *Lazo.*

4.—Si de su amor hace alarde
arde en infierno y respira,
pira de llamas el pecho
hecho su propio homicida.
Que el pecho que es amante
vive tan ciego,
que si no halla un despacho
busca un despecho. *Lazo.*

2 Representa

En las campañas undosas
osas vencerle, y se mira
ira en tu pecho que humana
mana de humildad divina.
Caminando sus lunas
con mala estrella
a la luna quedaron
hoy de Valencia. *Lazo.*

.
8.—En fin Santo, pues sois Papa
de vos alcanzar quería
que no me hagan cardenales
en estos cuarenta días.
Como huyen dignidades
nuestros Theatinos
nos hacen cardenales
por no ser Pios. *Lazo.*

Segundo tono

Si un santo dominico
se canoniza,
vuélvase fiesta doble
la dominica.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

*Guirigailé,
comunicale,
mas mi tia
no lo entendía,
yo como era bellaco
bien lo entendía.*

Suene la gaita y vamos
al turco a darle,
aunque no es martes, todos,
con «la del martes».
Guirigailé, etc.

Sépan cuantos me escuchan
que le ha cascado
San Pio Quinto al turco
un «sepan cuantos».
Guirigailé, etc.

San Pio Quinto manda
que en todo el mundo
muestre el turco al cristiano
cara de turco.
Guirigailé, etc.

El turco al fin señores
según advierto,
por gentil se ha llevado
gentiles muertos.

5.º — POESIAS QUE LA SAGRADA RELIGIÓN DE LA COMPAÑÍA CONSA-
GRÓ AL SANTO PONTÍFICE

Algúns sonetos

Mas allá de lo humano, en peregrino
rumbo, te admiran heroe soberano
los que humano te vieron tan humano
que casi te creyeron por divino.

De eterna esfera ya inmortal vecino
te expone a inmenso culto el Vaticano
donde tiene el arbitrio de tu mano
gran parte en los asuntos del destino.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Bien de la Compañía hoy el anhelo
quiere corresponder y apenas sabe
a tu alto amor en gloria esclarecida.

Bien quiere, y si no alcanza su desvelo,
disculpa será en fin el que no cabe
inmensa voz en limitada vida.

==

Crespo el turbante, el barbaro sangriento
con la sañuda faz terror ponía
palido vió temblar su margen fría
en erizos de espuma un elemento.

Tropa veloz, infestación de el viento,
de garzas mil de pino conducía:
Quien sino Pio airoso abatiría
de su furor el ademán violento?

Rota la armada, el seno pavoroso
del negro mar, dejando ser abismo
fama mayor cobró, mayor renombre.

A ti se debe oh Pio milagroso
que si las aguas sirven de bautismo
hoy aun las aguas mismas ganen nombre.

==


De el barbaro soldán la fiera armada
a cuya vista el negro ponto gime
pesadumbre veloz la espada oprime
de Neptuno en la azul región salada.

Blanca espuma en penachos erizada
es la huella que el tosco leño imprime
que al acero que mano infiel esgrime
antes coral se vió que agua nevada.

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

Mas cedió su osadía irreverente
de Pio Quinto a la oración constante
pués al oír por el fusil ardiente

Su nombre en boca de metal sonante
de su cerviz la púrpura eminente
turbada se miró, mas que turbante.



XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

APÉNDICE III

Acordos sobre a organización das festas .

ARQUIVO DA CATEDRAL DE SANTIAGO. LIBRO DE CABILDOS DE 1713

Cabildo de 8 de Agosto. Fol. 184v. e 185.—«En este Cabildo habiendose tratado del Memorial del Convento de Santo Domingo en orden a la fiesta de la Canonización del Señor San Pio Quinto, quedó resuelto: Que el Cabildo haga la fiesta el primer día con toda solemnidad, guardandose el orden y la forma en la procesión y fiesta que se guardó en la de San Francisco de Borja y sobre lo acaescido, tiempo en que ha de ejecutarse y mas circunstancias conducentes confiera el Señor Maestro de Ceremonias con el Padre Prior de dicho convento y traiga razón al Cabildo con toda expresión y desde ahora se encargó al Señor Magistral del sermón para el día de la fiesta del Cabildo. Así quedó acordado».

Cabildo de 13 de Agosto. Fol. 186 v.—«En este Cabildo el Señor Maestro de Ceremonias dió cuenta haber estado con el Padre Prior de Santo Domingo en orden a la fiesta de la Canonización de San Pio Quinto y referídole que el Cabildo hacia la función el primer día y que la procesión en la vispera saliese desta santa iglesia en derecha, por la Plaza del Campo, a dicho convento, con que en el Cuerpo del Cabildo y atrás de su guión no se habia de inferir persona alguna de ningún estado ni calidad, ni menos imagen de santo... solamente la del Señor San Pio Quinto que por especial devocion se permitiría, llevandola cuatro capellanes con sus capas y que en todo habia convenido dicho Padre Prior. Oido por los mas señores dijeron se haga y efectue en dicha conformidad y... que los Señores Comisarios de Fiestas dispongan la sera, fuegos y mas solemnidades necesarias. Así quedó acordado».

Cabildo de 18 de Setembre. Fol. 195.—«... que los fuegos de la

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

fiesta de San Pío Quinto se echen en la Quintana... y se echen algunos a tiempo que pase la procesión del Cabildo»

ARQUIVO DO CONCELLO DE SANTIAGO. LIBRO DE CONSISTORIOS
DE 1713

Consistorio de 9 de Agosto. Fol. 460v. — «... que el Sr. Alcalde mas antiguo con asistencia de los Srs. Capitulares que le pareciere señale el día en que la Ciudad haya de concurrir y dispongan en él la función con la mayor solemnidad posible, así en la fiesta de iglesia como en las demás manifestaciones públicas a que deban concurrir los vecinos».

Consistorio do 9 de Setembro. Fol. 489v. — O Alcalde mais antigo dixo: «... ha mandado a los gremios concurriesen por su parte con alguna demostración, y aunque los mas han convenido en ello, se han excusado los de la joyería y plateros, lo que participa a la ciudad para que tome providencia, como para que nombre señores que conviden a los caballeros particulares que se hallaren en ella» e «... disponga la diversión que sirva de entretenimiento la noche antes del día de la función de cuenta de la Ciudad y que se eche bando para que todos los vecinos pongan luminarias y el día de la celebración los gremios concurran con sus pendones, cera y danzas con lo más que se practica y se tenga presente la desatención de los dos gremios, para los casos que se ofrezcan.»

ARQUIVO DA UNIVERSIDÁ. LIBRO DE CLAUSTROS DE 1710 A 1716

Claustro do día 7 de Agosto. Fol. 231v e 232. — Acórdase que concurra a Universidá e se faga a función ca solemnidad que «observaren los Srs. del Cabildo y demás Comunidades.»

Claustro de 28 de Setembro. Fol. 239. — Acórdase que o día 1.º de Outubro en que corresponde a festa á Universidá concurran os señores graduados cas insinias correspondentes ás suas facultades.

APÉNDICE IV

Conta dos gastos que fixo nas festas o Concello de Santiago

ARCHIVO MUNICIPAL DE SANTIAGO. - LIBRO DE CONSISTORIOS
DICIEMBRE A MARZO 1713. FOLIOS 523 A 529

«Memoria de los fuegos que gastó la Muy Noble y Leal Ciudad de Santiago por orden de Su Merced el Sr. Alcalde Don José Bermúdez de Sangro.

| | |
|---|--------|
| 28 docenas de voladores, cada docena a 8 reales | 224 |
| 8 ruedas, cada una a ocho reales | 64 |
| 6 docenas de carretillas, cada docena a 8 reales | 64 |
| 6 docenas de coetes de luces cada docena a 18 reales | 108 |
| 3 docenas de culebrillas a 20 reales cada docena | 60 |
| 3 docenas de cometa a 20 reales cada docena | 40 |
| 2 docenas de a tres truenos a 20 reales cada docena | 40 |
| 6 granadas, cada una a 18 reales | 108 |
| 6 montantes cada uno a 18 reales | 108 |
| 1 sarillo, ciento y cuarenta reales | 140 |
| 1 estrellón, ciento y treinta reales | |
| Fuego que llevó el toro, su importe doscientos y die- | |
| ciseis reales | 216 |
| El lunes que fué la ciudad a Santo Domingo gastose | |
| por la mañana diez ruedas y diez docenas de coetes | |
| cuyo importe ciento y sesenta reales | 160 |
| Por la tarde cuatro docenas de voladores y sus rue- | |
| das, que su importe es de ochenta reales | 80 |
| Tres docenas de cañas con sus brevas y guías de ca- | |
| nutillos, cada docena a 15 reales | 90 |
| | ----- |
| Total | 1.692» |

AS FESTAS DE SAN PÍO V EN SANTIAGO

Omitimos o memorial do ensamblador Xosé das Seixas que fixo as figuras e os fachuzos do alarde, por valor de 964 rs. e tamén a conta de cera, que suma 1.502 reales e a relación de menudencias onde soio teñen interés as partidas referentes á pintura do estandarte, que importou 50 reales, e a da música que subeu a 550.

Siguen outra de gastos menores, onde aparecen os das baleirías que usaron os «morenos», a prata das adargas da xusta, e outros gastos do estafermo, tablado, talco, granadas de barro, panales de ouro e de prata, etc., pra as alcancias, e demais, da festa do último día. Importan 235 rs. Por último as dos gastos do predicador e señores que dixeron a misa que importan 560, según a nota que no seu lugar recollemos.

